

Leticia Costas ► ESCRITORA

«TEMOS UNHA SOCIEDADE DESEÑADA POR E PARA OS HOMES»

A ESCRITORA VÉN DE GAÑAR O PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL

► TEXTO: MARTA BALO

Aínda que adoita durmir a sesta, cando son pouco máis das catro dunha tarde de xullo, Leticia Costas xa está diante do ordenador, nesta ocasión, corrixindo as probas de 'Escarlatina. A cociñeira defunta', obra coa que a escritora viguesa vén de gañar o XXIX Premio Merlín de Literatura Infantil. «Xa as vou entregar na editorial», anuncia con ilusión.

Leva xa uns cantos premios. Estase a afacer a recoller galardóns... Aos premios é imposible afacerse. Todo o contrario. Conseguir un premio é complicadísimo. De feito, este é o primeiro que gaño ao que me presentei deliberada-

mente. É moi importante porque o libro vai ter moita visibilidade e é un selo de calidade, pero eu entendo isto en clave de traballo. Creo que sen traballo é imposible que haxa un premio deste tipo. Son moitas horas diante do ordenador.

Un libro de mortos e tamén de cociña, e para nenos. Como xurdiu a idea e como casa todo iso?

Obviamente é un libro escrito en clave de humor. Eu quería desmitificar o tema da morte e expoñer que aos nenos e ás nenas se lles pode falar de calquera cousa, pero hai que atopar o xeito de facelo. Esta é unha obra moi fiel co meu imaxinario porque a min desde pequena sempre me entusiasmaron as historias do alén e tamén me gustaba moito a cociña, e entón había que facer unha ruta gastronómica polo alén.

Conta na súa biografía que é neta dun inventor e filla de dous creadores de soños...

Meus pais son obreiros de toda a vida, currantes... O de creadores de soños está dito en clave de metáfora porque son dous persoas que, a pesar das dificultades económicas, souberon sacarnos adiante da mellor maneira posible. E do meu avó, na casa, en broma, eu sempre dicía que era inventor porque tiña inventos realmente disparatados: unha trampa para darlle calambrazos aos gatos e que non lle pisaran o coche, un espantallo eléctrico...

Entón a súa vocación de escritora non é herdada?

En absoluto, pero a miña nai era moi lectora e dela herdei a afección polos libros. O tema de escribir si que vén desde moi pequena. Ás veces preguntolle á miña nai se non lle sorprendía que con 12 ou 13 anos pasase tantas horas dian-



Creo que sen traballo é imposible que haxa un premio como o Merlín. Son moitas horas diante do ordenador»

Cada vez hai máis editores que apostan polas mulleres narradoras. Hai un punto de inflexión»

A literatura infantil e xuvenil é para un público que van ser os nosos futuros lectores e hai que coidalo»

te de cadernos. Ela contéstame que pensaba que se me pasaría, como un catarro ou unha enfermidade, pero non pasou...

'Unha estrela no vento' escribiuna con 15 anos. Como a ve desde os 34 que ten agora?

Afortunadamente véxoa como un desastre. Se a vira estupenda sería que non evolucionei nada. Véxoa como unha novela de iniciación, nin máis nin menos. Hoxe escribiría de maneira totalmente distinta, claro, pero non renego dela. Ademais tenme dado moitísimas alegrías. A día de hoxe estamos na décimo terceira edición.

Nesa e noutras novelas súas aparecen personaxes que son e senten diferentes. Sentíuse algunha vez así na adolescencia polo feito

de escribir?

Eu creo que esa é unha teima de todos os adolescentes. Efectivamente, era unha adolescente que pasaba moitas horas no meu cuarto lendo e escribindo, e iso, efectivamente, diferenciábame do resto. Por outra banda, si é certo que sempre sentín debilidade polas persoas diferentes que, por iso, están un pouco apartadas da sociedade, e iso creo que o trato en case todos os meus libros.

Ten falado das "mentes de elevado nivel intelectual" que consideran que a literatura sería, a narrativa, é cousa de homes. A estas alturas aínda percibe iso?

Eu aprecio iso na miña vida en xeral. Continuamente percibo que estamos nunha sociedade que

está deseñada por homes e para os homes. Na literatura ás veces tamén sinto que as cousas serias se consideran de homes, aínda que cada vez menos, todo hai que dicilo. Cada vez hai máis editores que apostan polas mulleres narradoras. Neste sentido, creo que na literatura en Galicia está tendo lugar un punto de inflexión. Os anos 90 foron os da xeración das poetas e parece que agora se está dando unha especie de eclosión de narradoras. Pero si percibo diferenzas ou dificultades na actualidade, só hai que ver, por exemplo, o número de académicas que temos ou o número de mulleres ás que se lle dedicou na nosa historia o Día das Letras. Son só dous exemplos que constatan unha realidade.

Tamén lle preocupa a discriminación da literatura infantil e xuvenil. De feito, forma parte da directiva da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix).

Sí, iso si que o percibo tamén a día de hoxe e creo que está por superar. A literatura infantil e xuvenil sempre se considerou un xénero menor e estivo denostada. Eu creo que iso é un atraso. Para min é tirar pedras contra o noso tellado porque a literatura infantil e xuvenil é para un público que van ser os nosos futuros lectores e lectoras e creo que hai que coidalos especialmente. Á parte, eu como escritora invisto o mesmo esforzo para facer un libro denominado xuvenil que en facer un libro dos denominados para adultos.

Imparte moitas charlas en centros de ensino, como ve aos novos lectores? É unha xeración moi diferente a súa?

É certo que os tempos son moi distintos porque está Internet, as redes sociais... Iso ocupa parte do seu tempo e antes non o había. O que noto é que a literatura galega sobrevive en gran medida pola prescrición, é dicir, por aqueles libros que o profesorado pon como lectura obrigatoria. É deprimente. O noso labor é gañar aos lectores e lectoras para o futuro. Eu a clave non a teño e é complicada.

Avogada a tempo parcial, poeta a tempo completo e apaixonada da novela. Ademais, tamén ten experiencia no audiovisual. Parece que a avogacía desentoa un pouco nesa mestura...

A verdade é que caín en Dereito un pouco de rebote. Cando estudaba preguntábame moitas veces por que estaba facendo esa carreira. Pero unha vez que a rematei e vin a aplicación práctica que ten o dereito vexo que é necesario na miña vida para saber defenderme e para saber defender aos meus. Entón, realmente non me arrepinto.

Que lle rouba máis tempo, a poesía ou a novela?

A novela é o que máis horas me rouba. Eu o meu día plantéxoo como unha xornada laboral diante do ordenador. E o de avogada a tempo parcial é porque non hai traballo como avogada. Entón a literatura para min é o meu traballo. Dedícolle moitas horas. Eu non creo na inspiración.

En 'O corazón de Xúpiter' trataba o acoso escolar, no seu último libro, 'Recinto gris', o dominio da poboación por parte do estado...

A falta de musas, a realidade si que achega ideas, non?

Sí, moitas. Creo que é responsabilidade dos escritores e das escritoras, xa que temos un medio para crear persoas ou, neste caso, adolescentes con certa capacidade crítica. Por iso creo que hai



A literatura galega sobrevive por aqueles libros que o profesorado pon como lectura obrigatoria»



Hai que arriscar nos temas e escribir historias que dean que pensar, que non sexan libros de usar e tirar»



O grupo de 'Poetas da hostia' naceu para quitar un pouco ese mito de que os poetas viven nunha torre de cristal

que arriscar un pouco nos temas e escribir historias que dean que pensar, que deixen algo aí dando voltas na cabeza, que non sexan libros de usar e tirar.

E como é escribir unha novela a catro mans como as que escribe con Pere Tobaruela?

Escribir unha novela a catro mans para min parte dun principio básico: hai que deixar os egos a un lado. Hai que estar moi disposto a escoitar a outra persoa.

O de deixar a un lado o ego choca co estereotipo de escritor...

Din por aí que eu son unha rara avis (ri) e a min gústame pensalo, non o vou negar. A min non me custa nada deixar o ego a un lado. Eu aprendo moito facendo autocritica e tamén escoitando as críticas das outras persoas.

Unha rara avis e tamén unha poeta da hostia'...

Iso é moi divertido. Os recitais da 'Hostia en verso' e o grupo 'Poetas da hostia' naceron tamén para quitar un pouco ese mito de que os poetas viven nunha torre de cristal e son intocables.

Non lle vou preguntar para cando un libro de literatura sería, pero si para cando un final apacible?

Teño fama de ter finais dramáticos, pero en 'Escarlatina' hai sorpresas. Tamén podes facerme a outra pregunta porque dentro duns meses saco un libro de narrativa para adultos. É un libro de relatos sobre a Segunda Guerra Mundial que se titula 'Un animal chamado néboa'.



Leticia Costas recollendo o Premio Merlín o pasado mes de xuño.

Curriculum

Nacemento

► Naceu en Vigo o 19 de setembro de 1979.

Inicios

► De pequena pasaba moitas horas pegada a un caderno. De feito, 'Unha estrela no vento' (Xerais, 1999) escribiuna na adolescencia.

Obra

► 'O corazón de Xúpiter' (Xerais 2012) é a súa segunda novela e 'Recinto Gris' (Xerais, 2014) a terceira. A súa obra poética está recollida en distintas publicacións colectivas, aínda que individualmente tamén publicou o poemario 'Xardín de Inverno' (Everest Galicia, 2012), escrito a raíz da morte da súa avoa. Ademais, ten escrito varias obras con Pere Tobaruela.

Premios

► Entre outros, recibiu o premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega (AELG) á mellor obra de literatura infanto-xuvenil do 2012, por 'O corazón de Xúpiter'; o Premio Martín Sarmiento para 1º e 2º de ESO no 2013 por 'Mortos de ningures', xunto a Pere Tobaruela, e a XXIX edición do Premio Merlín de Literatura Infantil de 2014 por 'Escarlatina. A cociñeira defunta'.

«GUSTARÍAME SER ACTRIZ DE PELIS DE TIM BURTON»

Fixo trampa nalgũa ocasión?

Non aturo as trampas, nin sequer a as legais (aínda que desas si me tocou facer máis dunha).

Que é o peor que fixo nun arranque de carraxe?

Botar a andar baixo un dioivo. Custoume un catarro.

Levou algo dalgún sitio ou marchou dun restaurante sen pagar?

Nun dos meus habituais despistes, saín dunha tenda de roupa con dúas pezas colgadas do brazo, agochadas debaixo do meu abrigo (todo iso sen decatarme).

Qué faría por un millón de euros?

Falamos cando mos poñas enriba da mesa.

Fáiselle a boca auga...

Vou ir xantar á casa da miña nai e me conta por teléfono o que está cociñando.

Quen ou que situacións espertan os seus desexos máis ocultos?

A ti cho vou contar...

Na mesa, ante que non se pode resistir?

Ante o chocolate. E repítome a miña frase favorita: "O chocolate vén do cacao, que provén dunha árbore, iso faíno unha planta, polo tanto conta como ensalada".

Pode vivir sen espello ou é das que se van mirando nos escaparates?

Mírome nos escaparates, no espello do ascensor, nos cristais dos coches e en todo sitio canto hai. Como non teño na casa espellos de corpo enteiro ando pola vida buscando o meu reflexo, a ver se todo está no seu sitio.

A preguiza véncelle cando...

Soa o teléfono á hora da sesta e o último que quero é falar.

De que se sente máis orgullosa de si mesma?

Da capacidade de traballar sen des canso ata conseguir o que quero.

Se puidese ser outra persoa, quen sería?

Estou encantada de ser eu, pero gustaríame ser actriz de pelis de Tim Burton.

Arrepítese de...

De deixar as clases de teatro e de non aprender a tocar algún instrumento coma o violoncello ou o piano.

Cal foi a última mentira que contou?

Dixenlle a miña irmá que lle quedaba fatal unha peza de roupa coa intención de que ma regalase a min. Funcionou!